



XOVES

I+D+i

Estimados/as amigos/as:

A Secretaría de Estado de Investigación, Desenvolvemento e Innovación vén de publicar, no marco do Plan Estatal de Investigación Científica e Técnica e de Innovación 2013-2016, a convocatoria correspondente a 2016 do **Programa Estatal de I+D+i Orientada aos Retos da Sociedade**.

O obxectivo desta convocatoria, que está dotada con **586,4 millóns de euros**, é apoiar **proxectos en cooperación entre empresas e organismos de investigación**, coa finalidade de promover o desenvolvemento de novas tecnoloxías, a aplicación empresarial de novas ideas e técnicas e contribuír á creación de novos produtos e servizos.

Os **Retos** aos que se orienta o Programa Estatal, especificados no Plan Estatal I+D+I, son os seguintes: a) Saúde, cambio demográfico e benestar; b) Seguridade e calidade alimentarias; actividade agraria produtiva e sustentable, recursos naturais, investigación mariña e marítima; c) Enerxía, segura, eficiente e limpa; d) Transporte intelixente, sustentable e integrado; e) Acción sobre o cambio climático e eficiencia na utilización de recursos e materias primas; f) Cambios e innovacións sociais; g) Economía e sociedade dixital; e h) Seguridade, protección e defensa.

Os **beneficiarios** desta convocatoria son organismos públicos de investigación, universidades públicas e privadas, institutos de investigación sanitaria, centros tecnolóxicos e de apoio á innovación, empresas, asociacións empresariais e outros centros públicos e privados dedicados á I+D+i.

O prazo de solicitude comeza o 9 de febreiro e pecha o 7 de

marzo de 2016. Podes consultar as bases na seguinte [ligazón](#).

Agardamos que esta información sexa do teu interese e despedímonos ata o vindeiro xoves!



Se non desexa recibir este boletín, pode vostede darse de baixa pinchando aquí . Para calquera dúbida ou consulta, pode escribir un correo a informa.gain@xunta.es.